



**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS PAVIMENTACIÓN ALDEA DA MÁMOA E INTERIORES (TAPIA) E BARREIRO. POS 2016**

**Na Casa do Concello de Ames a 5 de maio de 2017,**

**R E Ú N E N S E:**

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria accidental da Corporación dona Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril de 2017.

Doutra parte don Juan José Freire González, con NIF 44822607-T, actuando en representación da empresa Excavaciones Ovidio SL con CIF B-15.356.090 e domicilio social na rúa Fernando III El Santo 12-local 2 (triplicado), en Santiago de Compostela, A Coruña.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

**C L Á U S U L A S:**

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Excavaciones Ovidio SL con CIF B-15.356.090 a realización das obras de pavimentación aldea da Mámoa e interiores (Tapia) e Barreiro no prezo de vinte e nove mil novecentos oitenta e catro euros e sesenta e cinco céntimos (**29.984,65.- €**), más o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de seis mil douscientos noventa e seis euros e setenta e oito céntimos (**6.296,78.- €**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva, en metálico, por importe de 1.499,23- Euros, na conta do Concello de Ames identificada co código: ES76 2080 0317 7031 1000 0116, ABANCA Coporación Bancaria SA.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-



**Concello  
de AMES**  
Pz. do Concello, nº 2. Bertamirás  
15220 AMES (A Coruña)  
Tel: 981 883 002 Fax: 981 883 925

Pz. Do Concello, nº2. Bertamirás  
15220 AMES (A Coruña)

concelloadeames@concelloadeames.org  
www.concelloadeames.org

A SECRETARIA ACCIDENTAL,-



O CONTRATISTA,-

**EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.**  
B-15.356.090  
C/ Fernando III, El Santo Nº 12 - Local 2 (TRIPPLICADO)  
Tel: 981 591 784  
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
A CORUÑA

Telf: 981 883 002  
Fax: 981 883 925